

REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

*C.E.I.P. DE RUBIÁNS
VILAGARCÍA DE AROUSA*

CONTIDO DO PRESENTE DOCUMENTO:

I. -INTRODUCCIÓN

II.- OBXECTIVOS

- Educación para a saúde.
- Educación para a convivencia.
- Educación para o lecer.

III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMIENTO

IV.- NORMAS DE CONVIVENCIA

- Hixiene.
- Organización e comportamento.
- Alimentación.
- Tempo libre.

V.- FALTAS E SANCIÓN

- Faltas leves e sancións
- Faltas graves e sancións
- Faltas moi graves e sancións

VI.- PROCEDEMENTO NO CASO DE COMIDA SOBRANTE.

VII.-ANEXO.

I. -INTRODUCCIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación, cada equipo directivo de cada centro, debe elaborar un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo Consello escolar.

Ademais de ter en conta os requisitos do devandito Decreto, este documento, plantéxase dacordo co establecido na Instrucción 2/2014 da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de Xuño sobre funcionamento dos comedores escolares nos centros públicos que impartan os niveis de ensinanza obrigatoria.

Tendo en conta tal instrucción, a admisión de alumnado se rexirá dacordo cos dictámenes do artigo 2.1 da Orde do 12 de marzo de 2013, regulada na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación.

II. - OBXECTIVOS

O **Comedor Escolar** é un **servicio educativo complementario** que debe atender á consecución dos seguintes **obxectivos**:

1. Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenrolar hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a saúde.
- Por en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas na clase.
- Iniciarase en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenrolar hábitos no uso axeitado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e pór en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que podan obterse dunha colaboración conxunta cos Responsables do Comedor, tanto no referido á saúde do alumnado como a súa educación nutricional.
- Concienciar á familia nos patróns de conducta adquiridos no comedor do Centro Educativo e da importancia de continuar con eles no seu fogar.

2. Educación para a Convivencia:

- Adquirir e por en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.

- Despertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoo, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de Comedor: pór e retirar o servizo, axudar ós máis pequenos...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara todos os membros da Comunidade Escolar.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respetar o local, mobiliario, enseres e utensilios de uso comunitario.

3. Educación para o Lecer:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan o desenvolvemento armónico da personalidade e a fomentar hábitos sociais e culturais.

III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

1. O Comedor Escolar comenzará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño. As estratexias de adaptación ó Centro que se programan para os alumnos de tres anos no inicio do curso esixirán regular o uso do servizo para estes alumnos no período sinalado.

2. O número máximo de prazas de comedor está fixado en 117 alumnos comensais.

3. Todos os alumnos que precisen Servizo de Comedor teñen que solicitalo mediante o impreso que se lles facilitará en Secretaría e que se fará chegar ao alumnado que xa está matriculado no centro a finais de cada curso escolar, de xeito que poidan solicitar a renovación de este servizo para o curso seguinte.

4. O alumnado ó que lle corresponda pagar o servizo deberá cumprimentar o impreso correspondente para que a empresa concesionaria do mesmo proceda a domiciliarlle os pagos a través dunha entidade bancaria. Tal documento deberá estar selado pola entidade bancaria na que os titulares teñan tal conta.

5. A cantidade a aboar sera a fixada anualmente pola Consellería de Educación.

6. O impago da cuota de Comedor por parte do/a alumno/a, así como a morosidade continuada da mesma, poderá ser causa de baixa do Servizo de Comedor Escolar.

7. Para darse de baixa voluntaria do servizo de comedor, será necesario facelo por escrito na secretaría do Centro cunha semana de antelación.

8. O horario do comedor será de 14:50 a 15:35 horas. Por seguridade do alumnado, as portas do centro permanecerán pechadas durante ese horario.

9. O alumnado do Terceiro ciclo de Primaria (5º e 6º) poderán sair sós, previa autorización dos seus pais por escrito. Os demais alumnos deberán ser recollidos na porta do centro polos seus pais ou persoas autorizadas (salvo o alumnado usuario do transporte escolar).

10. Os horarios de recollida han de respetarse para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas. Por este motivo, non se permitirá a saída do centro a ningún alumno/a excepto por causa xustificada.

11. Os alumnos no poderán sair do recinto escolar durante o periodo de Comedor. Se os seus pais veñen a recollelos antes do término do mesmo, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no Centro: notificación previa por escrito, presentarse persoalmente a recolle-lo alumno/a e firma do documento existente ó respecto.

12. Si algún alumno fixo de Comedor no se vai a quedar ó mesmo un día determinado tendo asistido a clase, a súa familia deberá notificarlo en Secretaría.

13. Os alumnos que no asistan ás clases no poderán facer uso do Servizo de Comedor.

14. O menú será único para todos los comensais. Non obstante establécense as seguintes excepcións:

· **Dietas blandas:**

Para alumnos con problemas gastrointestinais transitorios, baixo prescripción médica e avisando coa antelación debida en Secretaría.

· **Alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade ou transtorno somático que precise dunha alimentación específica:**

Presentando un certificado médico, autorízase a que esos alumnos podan utilizar o Servizo de Comedor nos termos dispostos pola normativa vixente. Non obstante, aqueles alumnos con alerxias moi localizadas poderán facer uso ordinario do comedor, consumindo o menú establecido para todos los comensais, excepto os días nos que o menú inclúa algún dos compoñentes ós que son alérxicos, en cuxo caso tomarán un menú alternativo.

Autorízase a facer uso ordinario do Comedor, nas mesmas condicións que os alumnos con alerxias moi localizadas, ós alumnos que presenten una intolerancia alimenticia por razones "morais".

15. En ningún caso se administrarán medicamentos ós nenos que asisten ao Comedor. Igualmente, as familias nunca deben entregar medicamentos ós nenos. En caso necesario, arbitraráse a maneira de que os pais ou titores do alumno/a podan acceder ó Centro para administrarlles os medicamentos. Para iso deberán porse en contacto coa Dirección.

16. O menú mensual farase público a través da páxina web do centro e/ou dunha folla informativa que se lles facilitará ás familias.

17. Todos os alumnos deben respetar as Normas de Funcionamiento e de Convivencia do Comedor: aseo, entrada ó Comedor, conducta e hábitos de Utilización dos cubertos, etc.

18. O incumprimento por parte dos alumnos das Normas de Funcionamiento e de Convivencia do Comedor, así como o impago das mensualidades, pode chegar a supor a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.

19. Para cualquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á Dirección do Centro.

IV. - NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR.

Con carácter xeral, as actividades do Comedor escolar rexiranse polo regulamento de réxime Interior, recollido no noso Proxecto Educativo de Centro.

Son normas específicas do Comedor:

· Hixiene

1. Os alumnos (incluídos os de Ed. Infantil) deberán saber comer por sí mesmos, facer uso dos servizos e lavarse las máns.

2. Todos os alumnos pasarán polos servizos asignados ó respecto para facer as súas necesidades e lavarse as máns antes de acudir ó Comedor. Durante a comida non poderán ir ó servizo a non ser por indisposición ou enfermidade e sempre con permiso do/a Monitor/a.
3. Non se poderán meter obxectos ó Comedor. As carteiras, libros, abrigos, etc., deixaránse no lugar establecido para tal efecto (clase, colgador, exterior, etc.).
4. Porase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como no uso da servilleta.
5. Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ó chan nin a outros alumnos.
6. Despois de comer, e antes de ir ós lugares asignados para o lecer (cando a xornada esté establecida en ese orde), todos os alumnos deberán pasar polo servizo, acompañados polos/as seus/súas monitores/as para lavarse as mans.

· **Organización e comportamento**

1. Á hora de saída do Colexio, todo o alumnado do centro irá ao servizo a lavarse as mans e pasarán ao Comedor. Estas accións realizaránse por orden, en fila e en silencio, baixo a supervisión dos mestres con quen se atopen nese momento.
2. A entrada ó Comedor farase por grupos en fila, con orde e tranquilidade, sen correr, sen empurrar ós compañeiros nin berrar.
3. Os alumnos se sentarán nos lugares que lles serán asignados, seguindo unha orde de idade aproximada. Estes lugares serán fixos, podendo ser cambiados a criterio dos/as Monitores/as.
4. Deberáse respetar todo o material e utensilios, sendo os alumnos responsables do seu deterioro por mal uso.
5. Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse do seu sitio. No poderán levantarse. Para chamar ós/as monitores/as, deberán facelo levantando a man ata seren atendidos.
6. É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán ós demais berrando, senon falando nun ton de voz axeitado. Non está permitido falar con alumnos de outras mesas.
7. En caso de que se considere oportuno, por razóns estritamente educativas, os alumnos colaborarán, na medida das súas posibilidades, co Servizo do Comedor.
8. Os alumnos están obrigados a respectar ó persoal laboral (Cociñeiro/a, Monitores/as,...) nos mesmos termos que ó profesorado do Centro: deben obedecerlles e seguir as súas indicacións.

9. Cando se acabe de comer, esperarán en silencio que se lles indique o momento da saída, que se fará nos mesmos termos que a entrada.

· **Alimentación:**

1. Os alumnos deberán adaptarse ó menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo as circunstancias, complexión ...)
2. No caso de non poder comer algún tipo de alimento, se deberá aportar un Certificado Médico que o acredite.

· **Tempo de lecer:**

Sempre que a organización temporal do comedor o permita, poderánse establecer momentos de lecer despois do comedor, antes da hora de saída do centro. Durante ese tempo:

1. Cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión do/a monitor/a e realizando a actividade programada. Ningún alumno poderá separarse do seu grupo sin permiso.
2. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por tales aqueles que podan por en perigo a integridade física das persoas.

V. - FALTAS E SANCIONES

Dado que o comedor é una parte integrante da dinámica educativa do centro, de acordo co recollido no noso Proxecto Educativo, establécese o seguinte rango de faltas de comportamento, que irán sempre acompañadas dun PARTE DE INCIDENCIAS (ver anexo), do que se farán copias tanto para empresa adxudicataria do servizo de comedor como para o equipo directivo:

1. Faltas leves

a) Considéranse faltas leves:

1. Desobedecer levemente ás indicacións do Personal de Cociña e Comedor.
2. Non lavarse as mans.
3. Entrar ou saír do Comedor desordadamente.
4. Entrar ó Comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros ...)
5. Cambiarse de sitio sen permiso.
6. Levantarse do sitio sin causa xustificada.
7. Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios (cubertos, servilletas ...)
8. Permanecer mal sentados o columpiarse na cadeira.
9. Facer ruído, berrar ou falar con alumnos de outras mesas.
10. Calquera outra conduta que afecte levemente ó respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

Estas sancións poderán ser impostas polo Persoal do Comedor.

1. Amonestación verbal ó alumno. No caso de reiteración, comunicación por escrito ós pais.
2. Separación temporal do grupo de referencia (ou da súa mesa de comedor) integración en outro.
3. Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de lecer (no caso de que se tivesen programado para esa xornada).
4. Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

2. Faltas graves

a) Considéranse faltas graves:

1. Acumulación de tres faltas leves.
2. Desobedecer gravemente as indicacións do Personal de Cociña ou Comedor.
3. Sair do Comedor sin permiso.
4. Deteriorar a propósito ou por mal uso o material propio do Comedor.
5. Tirar intencionadamente comida ó chan ou a outros/as compañeiros/as.

6. Calquera outra conducta que afecte gravemente ó respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

Estas sancións poderán ser impostas polo Equipo Directivo do Centro e serán comunicadas ós pais.

Calquera das contempladas para as faltas leves. Ademais:

1. Comunicación por escrito da amonestación do/a alumno/a ós seus pais .
2. Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de Comedor.
3. Comer aislado dos/as compañeiros/as (ata 5 días).
4. Expulsión temporal do Comedor (ata 5 días).

3. Faltas moi graves

a) Se consideran faltas moi graves:

1. Acumulación de tres faltas graves.
2. Saír do Centro sin permiso durante o horario de Comedor.
3. Calquera outra conducta que afecte moi gravemente ó respecto, á integridade ou á salud das persoas.

b) Sancións:

Esta última sanción poderá ser imposta pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar do Centro, previa audiencia cos pais.

Calquera das contempladas para as faltas graves. Ademais:

1. Expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes).
2. Expulsión definitiva do Comedor.

VI. - PROCEDEMENTO NO CASO DE COMIDA SOBRANTE.

Sempre que a empresa concesionaria non teña plantexada unha solución propia ao respecto, no suposto de que a cantidade de comida sobranse se considere suficiente, dacordo coa normativa vixente (artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto), poderase distribuir exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social. Para iso, estableceráanse os cauces necesarios en colaboración coa área de Servizos Sociais do Concello ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona.

En Rubiáns-Vilagarcía de Arousa a 16 de Setembro do 2014

A Dirección.

ANEXO

